

## Discurso de fin de curso

La vida es un acto de resistencia y de re existencia; vivimos, revivimos. Pero todo se sostiene en la memoria. Somos lo que recordamos, la memoria es nuestro hogar nómada, todo lo que hemos vivido forma parte de lo que somos y definirá quienes seremos en el futuro, por eso estos años y este lugar formarán siempre parte de nosotros, muchos de los presentes hemos crecido aquí, cada esquina de este colegio guarda un recuerdo, algunos malos, pero muchos de ellos buenos y todos ellos nos acompañarán.

Cerramos una de las etapas más largas de nuestra vida, para empezar de cero otra vez, y es ahora cuando tenemos que aplicar todo lo que hemos aprendido, no solo académicamente sino moralmente, ese aprendizaje de la mente que nos ha llevado a convertirnos en lo que ahora somos, gracias a esos profesores que muchas veces nos llegaron a desquiciar, pero que ahora agradecemos esa voluntad que tuvieron al habernos inculcado la virtud por esforzarnos en alcanzar nuestras metas, en no tirar nunca la toalla, creyendo siempre en nosotros a pesar de nuestras dudas.

Ha sido tanto, el tiempo que hemos pasado aquí, que para muchos de nosotros esta es y será nuestra casa, aquí hemos crecido, hemos llorado, hemos reído, hemos gritado, pero nos habéis ayudado a ser valientes, a crecer con seguridad y a ser mejores personas.

Desde que somos pequeños, escuchamos hablar de la famosa selectividad, y de que es a partir de ahí cuando nos convertimos en pequeños adultos, el simple nombre que tiene nos imponía y aun ahora nos impone un poco porque estamos ante lo relativamente desconocido. Al igual que escuchábamos hablar de estas míticas cenas de fin de curso con los profesores, y ahora, aquí estamos, viviendo ese momento que tardaba tanto en llegar que pensábamos que nunca llegaría. Esas anécdotas ajenas, hoy se convertirán en nuestras propias anécdotas que contaremos a las futuras generaciones. No quiero decir adiós porque no es una despedida, es un nuevo comienzo en el que entrecerramos una puerta para abrir otra en la que nos encontraremos solos ante lo desconocido.

Marina Santalices Amigo

Alguén me dixo unha vez que do que se lembran os profesores ó cabo dos anos non é dos expedientes académicos máis ou menos brillantes, dos bos ou malos estudantes... senón das persoas. E despois de nove anos crecendo xuntos neste centro e con estes compañeiros e profesores un dáse conta do cheas de razón que estaban esas palabras; e é que nove anos xuntos dan para moito. Nós medramos en Galén e Galén medrou con nós. Novos compañeiros e profesores pasaron a formar parte das nosas vidas e nós a formar parte das deles. Nove anos son tamén nove excursións, ie vaia excursións!

Moitos recordos nestas clases, nos patios, cando os maiores nos quitaban a pista os días que nos tocaba e despois facíamos o mesmo cos pequenos; cando estabamos desexando estar dentro do colexio nos recreos porque non nos deixaban e como agora nin chovendo a chuzos estamos dentro.

Non podía pasar sen referirme neste discurso á "mesa de cristal", na que algúns máis que outros pasamos tamén uns ratiños; a temida aula de titorías onde nos facían pasar de un en un a firmar partes e declaracións e para falarnos do "REGULAMENTO DE RÉXIMEN INTERNO".

Moito tedes pelexado con nós estes nove anos, e neste día, ó mirar cara atrás e despois voltar a este punto no que nos atopamos, un dáse conta de todo o que pasamos e o que medramos xuntos.

Pero en nove anos aínda hai certas cousas que os profesores non conseguiron: Pepe non conseguiu que toda a clase lle fixera as "coleccións" "baterías" "boletíns"... Raúl non conseguiu que existise unha clase enteira capaz de falar en galego cincuenta minutos seguidos. En nove anos Álvaro non foi capaz de que lle chamásemos á súa clase polo seu nome, ou mellor dito, non se percatou aínda que Educación Física e Ximnasia son o mesmo. Miguel non puido conseguir que ninguén lera o Romanceiro Xitano. Crimos que nós iríamos sen ver a Santi de traxe e non, vémolos...E por suposto, Alguén cre que todas as historias de César son verdade?

Xa para rematar, queremos agradecervos a todos, compañeiros, profesores, cociñeiras, ós que estiveron dende o principio, ós que non seguen aquí, e ós que chegaron máis tarde, agradecervos o facer que os nove anos que pasamos aquí pechados foran os mellores das nosas vidas. A todos, gracias, ata a próxima e, ata sempre Galén.